

*No marco do Seminario Internacional Usos sociais de parques periurbanos, xardíns botánicos e outras áreas forestais*

## **O CEIDA analiza a importancia da educación ambiental nas áreas forestais**

- As educadoras ambientais do Parque de Collserola – Barcelona – e a do Xardín Botánico de Córdoba expuxeron as súas experiencias

**Oleiros, 30 de abril de 2008.**- Esta mañá tivo lugar a última sesión do **Seminario Internacional Usos sociais de parques periurbanos, xardíns botánicos e outras áreas forestais** que se celebrou no Castelo de Santa Cruz, en Oleiros. Os máis de setenta asistentes coñeceron exemplos onde a educación ambiental é unha das principais ferramentas.

**Montse Ventura Cabús** e **Roser Armendares Calvet** disertaron sobre a función do equipo de educación ambiental do Parque de Collserola (Barcelona). Ambas explicaron que pretenden, a través da educación ambiental, melloralo coñecemento e a sensibilidade dos cidadáns con respecto ao Parque de Collserola. Asemade, buscan que a gran cantidade de visitantes que reciben – un millón de persoas ao ano – fagan un uso sostible deste espazo natural co fin de melloralo vida dos cidadáns que no contorno do parque.

Esta mesma liña segue o equipo de educación ambiental do xardín botánico de Córdoba. **Barbara Martínez**, educadora ambiental neste espazo, falou da importancia da educación ambiental nos xardíns botánicos. “Los jardines botánicos cumplen misiones diversas de carácter científico, educativo, cultural, artístico e incluso recreativo y social, lo que se traduce en el compromiso que tiene el jardín botánico con un entorno”, aclarou. Bárbara Martínez explicou que para diseñar un programa educativo para un xardín botánico era preciso ter datos sobre o tipo de público e tamén sobre que é o que se quere ensinar.

O seminario foi organizado polo CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – en colaboración coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

